# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Idioma Moderno: Inglés | | Código | 662G01006d |
| Titulación | Grao en Turismo (a distancia) | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Non presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Montoya Reyes, Ana | Correo electrónico | ana.montoya@col.udc.es | |
| Profesorado | Montoya Reyes, Ana<br>Moss , Sarah Louise | Correo electrónico | ana.montoya@col.udc.es<br>sarah.moss@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia está incluída no ensino de idiomas con fins específicos. Os obxectivos son varios: potenciar a comprensión auditiva, a expresión oral, a comprensión lectora e a expresión escrita na lingua inglesa empregando diversos materiais relacionados co campo do turismo. Inclúe unha introdución á terminoloxía da industria turística, que abarca múltiples campos semánticos como a estrutura do sector turístico, empresas turísticas, historia, arte, patrimonio, gastronomía, comunicación e promoción. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A6 | Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente. |
| A13 | Manexar técnicas de comunicación. |
| A15 | Traballar en inglés como lingua estranxeira. |
| A29 | Traballar en medios socioculturais diferentes. |
| B1 | Capacidade de análise e síntese. |
| B2 | Comunicación oral e escrita en lingua nativa. |
| B3 | Resolución de problemas. |
| B4 | Razoamento crítico. |
| B5 | Compromiso ético. |
| B6 | Aprendizaxe autónoma. |
| B7 | Adaptación a novas situacións. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Comprender textos escritos e orais en lingua inglesa de diversas fontes e específicos do ámbito turístico. | A6<br>A13<br>A15<br>A29 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Dominar o vocabulario necesario e as estruturas gramaticais necesarias para poder expresarse correctamente en inglés, tanto por escrito como por vía oral, en contextos específicos do turismo | A13<br>A15<br>A29 | B1<br>B3<br>B4<br>B6<br>B7 | C2<br>C3<br>C4<br>C6<br>C7 |
| Expresar información en inglés, tanto por escrito como oral, sobre cuestións específicas de turismo, empregando o vocabulario e as estruturas gramaticais necesarias estudadas anteriormente | A13<br>A15<br>A29 | B1<br>B3<br>B4<br>B6<br>B7 | C2<br>C3<br>C4<br>C6<br>C7 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| An introduction to the language of Tourism | Reasons for travel over the centuries and in contemporary society<br>Types of travel and tourist<br>The structure of the tourism industry - chain of distribution/supply services, etc.<br>Describing trends in Tourism (numbers, graphs, statistics) |
| Working with visitors | Providing information about attractions and amenities.<br>Giving directions and practical information.<br>Describing monuments /sites of interest (built and environmental heritage)<br>Guided tours - working as a guide |
| Gastronomy | Food and wine tourism<br>Describing dishes / menus to visitors<br>Gastronomy in Galicia |
| The persuasive language of tourism | Writing and talking about a destination; the use of specific language (adjectives, verbs, collocations, etc.). |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Obradoiro | A13 A15 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7 | 22 | 52 | 74 |
| Proba mixta | A6 A13 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 2 | 22 | 24 |
| Proba oral | A13 A15 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7 | 2 | 15 | 17 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Lecturas | A13 A15 B1 B3 B4 B6 C2 C4 C7 | 0 | 20 | 20 |
| Análise de fontes documentais | A13 A15 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7 | 0 | 13 | 13 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Obradoiro | Clases prácticas nas que o alumnado traballará en clase co material necesario e recibirá a información precisa para o desenvolvemento das súas habilidades de comunicación, tanto a nivel escrito como oral.<br><br>Modalidade online: o contido facilitarase a través da plataforma Moodle e realizaranse sesións prácticas a través de Teams, que serán gravadas para facilitar a súa posterior visualización. |
| Proba mixta | Proba que se realizará ao final do cuadrimestre para avaliar a expresión escrita e a comprensión lectora do alumno ademais do seu dominio de gramática, sintaxe e campos semánticos especializados.<br><br>Modalidade online: Os estudantes do modo en liña realizarán unha proba obxectiva coas mesmas características. |
| Proba oral | Diferentes actividades orais improvisadas e guiadas (discusións sobre artigos, diálogos guiados ...) que se realizarán ao longo do cuadrimestre para avaliar as habilidades de comunicación oral do alumno, mellorar a fluidez e a expresión espontánea.<br>Modalidade online: sesións orais a través de Teams. |
| Lecturas | Lectura de artigos relacionados co sector turístico para discusión e debate na clase.<br><br>Modalidade online: as dúbidas que xurdan en relación a estas actividades resolveranse mediante titorías en liña (Teams) e no foro de Moodle |
| Análise de fontes documentais | Exercicios con material audio ou audiovisual.<br><br>Modalidade online: as dúbidas que xurdan en relación con estas actividades resolveranse a través de titorías en liña (Teams) e no foro de Moodle |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Lecturas<br>Proba mixta<br>Proba oral<br>Obradoiro | Tanto os obradoiros como as diversas exposicións orais e exercicios escritos implican atención personalizada. Ademais, o alumno pode plantexar as súas dúbidas durante as horas de titoría, a través do correo electrónico, Teams, ou o foro da plataforma do Campus Virtual, seguindo as instrucións proporcionadas pola docente. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba mixta | A6 A13 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Exame final escrito que consistirá en calquera combinación das seguintes tarefas:<br><br>Exercicios de vocabulario; comprensión lectora; tradución, descricións de gráficas e tendencias na industria turística; redacción; resumo. | 60 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba oral | A13 A15 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7 | Parte 1:<br><br>Exposición oral do tema de gastronomía visto na clase (5%)<br><br>Parte 2:<br>Exposición dunha ruta pola cidade da Coruña e explicación dos seus principais monumentos, lugares de interese, historia e patrimonio natural e construído, etc. (5%) | 10 |
| Obradoiro | A13 A15 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7 | Tarefas obxecto de avaliación continua:<br><br>Calquera combinación das seguintes tarefas escritas (15%):<br>Lecturas e exercicios de comprensión lectora; resumos; descricións de tendencias na industria turística e gráficas; descricións de destinos e/ ou atractivos turísticos; exercicios de Use of English.<br><br>Calquera combinación das seguintes tarefas orais (15%):<br>Descrición de gráficas / tendencias na industria turística/<br>Descrición de pratos típicos, preguntas sobre gastronomía, festivais e feiras gastronómicas.<br>Descrición dun destino turístico e os seus monumentos.<br>Comentario sobre a industria turística e a súa estrutura | 30 |

| Observacións avaliación |
|---|

Todosos/as estudantes deberán participar obrigatoria e activamente nas clasespresenciais, xa que se conciben como un recurso co que fomentar a súaimplicación na adquisición e asimilación dos contidos.

1ª OPORTUNIDADE

Os/as estudantes DEBEN aprobar (50%) todas as seccións de avaliación (proba obxectiva, obradoiro e a proba oral) para superar a materia. En caso de non superarse algunha das partes da avaliación, e aínda que a suma final das partes sexa maior de 5, a cualificación final da materia non será en ningún caso superior a un 4,5 sobre 10.

DISPENSA ACADÉMICA

O/A alumno/a que teña dispensa académica recoñecida será evaluado/a seguindo as mesmas indicaciones que figuran no apartado da primeira oportunidade. O/A alumno/a terá que poñerse en contacto co/coa profesor/a tan pronto como teña concedida a dispensa.

2ª OPORTUNIDADE

O mesmo método de avaliación aplícase para a segunda oportunidade. Polo tanto, os/as estudantes deberán recuperar aqueles apartados da materia nos que non obtivesen unha cualificación de aprobado ou aos que non se presentaron.

Isto será válido SO para as dúas oportunidades correspondentes ao presente ano académico.

Os/as alumnos da oportunidade adiantada terán que realizar un exame escrito (60%) e unha proba oral (40%).

CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO

Só se obterá cualificación de NON PRESENTADO/A se non se participou en ningunha das actividades e tarefas que constitúen a avaliación da materia.

Implicacións
da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Atención á
diversidade: a
materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacioada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo.

Perspectivade Xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectivade xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores derespecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para correxilas.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Collin, P.H. (1996). Dictionary of hotels, tourism and catering management. Middlesex: Peter Colling Publishing<br>- Fussell, Paul (ed.) (1987). The Norton book of travel. New York. Norton<br>- Maczak, Antoni (1995). Travel in early modern Europe. Cambdridge. Polity Press<br>- P. Strutt (2013). English for International Tourism. Upper Intermediate (Coursebook). Harlow. Pearson<br>- P. Strutt (2013). English for International Tourism. Upper Intermediate (Workbook). Harlow. Pearson<br>- P. Strutt (2013). English for International Tourism. Intermediate (Coursebook). Harlow. Pearson<br>- R. Varela (2002). English in the Tourism Industry.. Madrid. Editorial Universitaria Ramón Areces |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| Primeiro Idioma Moderno I: Inglés/662G01015<br>Primeiro Idioma Moderno II: Inglés/662G01028<br>Inglés no Contorno Profesional/662G01045 |
| Observacións |

Os estudantes
DEBEN aprobar (50%) todas e cada unha das seccións de avaliación (proba
obxectiva (60% da nota), obradoiro (30% da nota) e as dúas seccións da proba oral (10% da nota) para superar a materia
tanto na primeira como na segunda oportunidade. Segunda
oportunidade: Na segunda oportunidade os alumnos serán avaliados do seguinte
xeito: 60% exame escrito, 30% exame oral e 10% traballos de avaliación continua
dos temas do curso. Se os alumnos superaron algunha destas partes, ben sexa o
exame escrito, os traballos do curso ou a parte oral na primeira oportunidade,
as súas notas manteranse na segunda oportunidade. Os estudantes
deberán recuperar aqueles apartados da materia nos que non obtivesen unha
cualificación de aprobado ou aqueles aos que non se presentaron. Isto é
válido SÓ para as dúas oportunidades correspondentes ao
presente curso académico.Só se obterá a cualificación de NON PRESENTADO se
non se participou en ningunha das actividades e tarefas que constitúen a
avaliación da materia.  No caso
da convocatoria adiantada, os estudantes deben realizar un exame
escrito (60%) e unha proba oral (40%).Honradez académicaLembrase ao
alumnado que o uso de calquera axuda ou dispositivo no exame final está
totalmente prohibida, e no caso de utilizar calquera soporte no permitido
quedará automaticamente suspenso, independentemente da nota do exame e outras
probas. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.)
penalizarase de acordo co establecido no artigo 14 das "Normas de
avaliación, revisión e reclamación dás cualificacións dos estudos de grao e
mestrado universitario?.Atención á
diversidadeA materia
poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas
encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de
aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar
cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados
de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á
Diversidade (https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/);
no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo no seguinte enderezo
electrónico: sarah.moss@udc.esRegulamento
disciplinar do estudantado da UDC Artigo 11, apartado 4 b)Cualificación
de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da
materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con
?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,
tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade
como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa
cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.Perspectiva de
xénero-Segundo se
recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia
universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia
(usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos
sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarase
para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na
contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse
detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións
e medidas para corrixilas.*Os obxectivos de aprendizaxe deste módulo enmárcanse nun nivel B2 dentro da escala descrita no Marco común europeo
de referencia para as linguas. Recoméndaselles aos estudantes que esta materia está enfocada a ensinar inglés con fins específicos e, polo

tanto, NON é un curso de inglés xeral. Por outra banda, os estudantes tamén deben lembrar que estudar unha lingua require perseveranza e continuidade ao longo do tempo.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías